



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

*ANUNCIO de ampliación da oferta de emprego público 2024 do Concello de Camariñas.*

O Concello de Camariñas, mediante Resolución da Alcaldía número 867/2024, do 8 de novembro, acordou ampliar a Oferta de Emprego Público 2024, que se transcribe a continuación:

**Primeiro.-** Ampliar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2024, cos seguintes postos de traballo:

Número de prazas	Denominación da praza	Grupo	Cod. RPT	Sistema de acceso
1	Axente de Policía Local	C1	8104	Oposición

**Segundo.-** Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello <https://camarinas.net> e no Boletín Oficial da Provincia. Remitir una copia do acordo á Administración Xeral do Estado aos efectos do establecido no artigo 56.1 de la LBRL.

**Terceiro.-** Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I do Convenio aprobado polo Concello de Camariñas en data 8 de febreiro de 2024 e asinado en data 20 de febreiro de 2024, o número, a denominación e as características das prazas que se recollen na presente ampliación da Oferta de Emprego Público a fin de que, en execución da mesma, proceda á convocatoria e desenvolvemento do proceso selectivo correspondente.

Este acordo pon fin á vía administrativa. Contra el pode interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 116.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 117.2 e 43.2 da dita Lei 30/1992). Tamén poderá impugnar este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñer un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.  
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)*



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose. Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998). Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial.